

## REINO UNIDO:

NO CADRO RECÓLLENSE REGRAS XERAIS, PERO ESTAS PODEN SUFRIR MODIFICACIÓNS EN ATENCIÓN ÁS CIRCUNSTANCIAS CONCRETAS.

EN TODAS ELAS SE PARTE DUN OBRIGADO TRIBUTARIO QUE É PERSOA FÍSICA E RESIDENTE EN ESPAÑA

Por tanto, España será o Estado de residencia para efectos de tributación por renda mundial.

A mención que se fai no cadro a “ESPAÑA/REINO UNIDO”, significa que, alén de España, Reino Unido tamén podería gravar estas rendas sempre e cando así o prevexa a súa normativa interna.

ORIXE DA RENDA	ESTADO DE TRIBUTACIÓN		
<b>RENDAS INMOBILIARIAS</b>	ESPAÑA/REINO UNIDO		
<b>DIVIDENDOS</b>	ESPAÑA/REINO UNIDO (Límite 10% ou 15% se é beneficiario efectivo)		
<b>INTERESES</b>	ESPAÑA (se son percibidos polo beneficiario efectivo)		
<b>GANANCIAS PATRIMONIAIS</b>	Derivadas de bens inmobles	ESPAÑA/REINO UNIDO	
	Alleamento de accións (distintas ás que se negocien en Bolsa de forma regular e considerable) ou participacións ou dereitos similares, cuxo valor proceda en máis dun 50%, directa ou indirectamente, en bens inmobles situados en Reino Unido	ESPAÑA/REINO UNIDO	
	Alleamento de accións ou participacións ou dereitos que, directa ou indirectamente, outorguen ao propietario das devanditas accións, participacións ou dereitos, o dereito ao goce de bens inmobles situados en Reino Unido	ESPAÑA/REINO UNIDO	
	Alleamento de bens mobles que formen parte do activo dun establecemento permanente que teña en Reino Unido	ESPAÑA/REINO UNIDO	
	Alleamento doutros bens distintos	ESPAÑA (sempre que sexa o Estado de residencia do transmitente)	
<b>RENDAS DO TRABALLO (soldos/salarios)</b>	REGRA XERAL	ESPAÑA	
	REGRAS ESPECIAIS	I. Se o traballo se desenvolve en Reino Unido	ESPAÑA/REINO UNIDO
		II. Se, malia desenvolverse o traballo en Reino Unido, cúmprense as seguintes condicións: a) o traballador permanece en Reino Unido durante un ou	ESPAÑA

		<p>varios períodos cuxa duración no seu conxunto non exceda de 183 días en calquera período de 12 meses que comece ou remate no período impositivo considerado e</p> <p>b) o pagador non é residente en Reino Unido, ou</p> <p>c) o pagador non ten un establecemento permanente en Reino Unido que soporte as remuneracións.</p>		
<b>RETRIBUCIÓN CONSELLEIROS</b>	ESPAÑA/REINO UNIDO			
<b>PENSIÓN</b>	PENSIÓN PRIVADAS	REGRA XERAL	ESPAÑA	
	PENSIÓN PÚBLICAS	REGRA XERAL	REINO UNIDO	
		REGRA ESPECIAL	beneficiario da pensión pública é <b>residente</b> en España e ten a <b>nacionalidade</b> española	ESPAÑA
<b>REMUNERACIÓN PÚBLICAS:</b>	Salarios pagados por Reino Unido por servizos prestados nese Estado	REINO UNIDO		
<b>OUTRAS RENDAS</b>	ESPAÑA			